

- "Non debería haber nengunha muller no exército. Saquemos dali aos homes."- Petra K. Kelly

A Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza, **ADEGA**, quer sumar-se à celebración do **Día da Muller Antimilitarista**

Acabamos de asistir ao desenvolvemento dunha guerra contra o Iraque co claro apoio do Goberno do Estado español, Estado que pasará a actuar como forza ocupante naquel país. As Forzas Armadas españolas teñen sérios problemas à hora de recrutar soldados: **son poucos os homes, e aínda menos as mulleres, dispost@s a se alistar, e aspiramos a que acabe por non o fazer ninguén.**

As mulleres, ademais de se atopar entre as principais vítimas da guerra, son tristes protagonistas tanto da violencia directa —maus tratos, violacións...— como da violencia estrutural —feminización da pobreza, discriminación...

O belicismo e o militarismo, como o industrialismo e a relación de confrontamento dos seres humanos co resto da natureza, son fenómenos directamente relacionados coa masculinidade patriarcal, algo que debemos superar se queremos construír un mundo no que poder conviver realmente en paz.

Fazemos noso o berro de ***Nen guerra que nos mate, nen paz que nos oprima!*** e chamamos ao achegamento e colaboración entre os diferentes movementos sociais na

procura dunha saída emancipatória à crise ecolóxica global

, labor para o que

as mulleres son imprescindíbeis

e ao que

o feminismo ten muito que aportar

*Vocal de Pacifismo e Globalización de ADEGA